

TRAMITACIÓN DE PROCEDIMENTOS DURANTE O ESTADO DE ALARMA

A declaración do estado de alarma en virtude do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, a raíz da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE 14.3.2020), ten conlevado, entre outras consecuencias, a suspensión xeral dos termos e interrupción dos prazos administrativos namentres se atope en vigor o citado Real Decreto ou as súas prórrogas. Medida adoptada a fin de evitar os prexuízos que podería conlevar para a cidadanía a continuación de procedementos nos que puidesen verse afectadas as súas posibilidades de intervención e defensa, no marco das actuais dificultades deambulatorias, e das limitacións no exercicio dalgunhas actividades profesionais relacionadas coa actividade administrativa.

Non obstante, a implementación da administración electrónica permite a boa parte do persoal das Administracións Públicas poder seguir prestando servizos aos cidadáns sen necesidade de acudir presencialmente as dependencias do Concello, mediante a utilización da sede electrónica da Administración, ou ben a través dos teléfonos habilitados. Proceder acorde ás recomendacións das autoridades sanitarias, téndose habilitado medidas organizativas de teletraballo por parte do Concello para posibilitar a prestacións de servizos en remoto polos empregados públicos co mínimo trastorno para os cidadáns.

Neste sentido, a disposición adicional terceira do RD 463/2020, na redacción dada polo RD 465/2020 expresa, nos seus apartados 4º e 5º as seguintes excepcións que permiten a continuación dos procedementos administrativos durante o estado de alarma:

1. Poderán adoptarse as medidas de ordenación estritamente necesarias cando a paralización puidese xerar prexuízos graves nos dereitos e intereses dos interesados e sempre que o interesado manifeste a súa conformidade.
2. Poderá seguirse a tramitación do procedemento cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo. Neste sentido pónese a disposición dos veciños/as un **modelo de declaración de conformidade coa non suspensión**, que poderán presentar a través da sede electrónica. A súa presentación habilitará, por exemplo, para a continuación dos procedementos de permisos, licencias, etc. En todo caso, a comunicación co Concello haberá de practicarse á través da sede electrónica.
3. Poderá acordarse motivadamente a continuación de procedementos referidos a situacións estreitamente vencelladas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

A modo exemplificativo, cómpre entender procedementos indispensables para a protección do interese xeral os seguintes:

- Xestión de Biomasa. Na medida en que eviten a posibilidade de risco de

incendios co conseguinte risco para a seguridade das persoas e bens.

- Expedientes de ruina. Na medida en que precisan de adopción de medidas urxentes para garanti-la debida seguridade das persoas e bens.
- Órdenes de execución. Na medida en que queden comprometidas as obrigas de seguridade e salubridade sobre as fincas e construcións. Non comprenderá o incumprimento das obrigas de ornato.
- Licenzas urbanísticas e de actividade. Na medida en que permita garanti-lo mantemento da economía productiva e promover a recuperación, atendendo a que os artigos 3 e 8 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia, expresa que a actividade urbanística constitúe unha función pública cuxos fins desenvólvese en aplicación dos principios constitucionais da política económica e social, recollidos nos artigos 39 a 52 da Constitución. En calquera caso enténdese que quedará a expensas da conformidade do promotor a continuación conforme o expresado no anterior apartado. Igualmente, e no que respecta a apertura de actividades, a eventual autorización non suporá en ningún caso exención das obrigas de suspensión de actividades non esenciais durante o estado de alarma.
- Reposición da legalidade urbanística. Na medida en que respondan a obras en curso de execución que carezan de título habilitante ou non se axusten ao mesmo, precisando a corresponden adopción de medidas cautelares.